

O DNI electrónico só se pode utilizar coas versións 10.5 (Leopard) do sistema operativo ou con versións 10.4 (Tiger) anteriores á 10.4.9 (pódese comprobar a versión do sistema operativo premendo na icona da mazá do menú do sistema, opción “Acerca de este Mac”. A configuración é lixeiramente diferente para as versións 10.4 e 10.5.

O procedemento de instalación para os lectores de **Gemalto (transparentes)** é o seguinte:
*(para os lectores **C3PO (azul ou negro)** comezamos no paso 3)*

1. Instalar o compoñente libusb (para [Leopard](#) ou [Tiger](#)).
2. Instalar os *drivers* (para [Leopard](#) ou [Tiger](#)) do lector de tarxetas.
3. Conectar o lector a un porto USB do equipo.
4. Instalar o módulo SCA (Smart Card for Apple) para [Leopard](#) ou [Tiger](#).
5. Instalar o software do **DNIE**. Debemos asegurarnos de ter TODOS os programas pechados, ESPECIALMENTE FIREFOX. Unha vez rematado, pecharase a sesión.
6. Tras o inicio de sesión, debería abrirse o Firefox e cargar a páxina [/Library/OpenSC/share/web/instala_modulo.htm](#) (se non abre a páxina automaticamente, haberá que arrastrar o ficheiro sobre o navegador). Esta páxina tratará de cargar un módulo criptográfico de seguridade, o PKCS#11, polo que se debe aceptar o que pregunta. É obrigatorio facer este paso co lector conectado. Cando remate hai que reiniciar Firefox para que os cambios se apliquen.




Instalación del DNIE para Mozilla Firefox y Netscape

Para usar el DNIE se requiere:


- Instalar el modulo de seguridad PKCS#11




7. Para comprobar que o paso anterior se fixo correctamente, entramos nas opcións de Firefox, en avanzado/cifrado/dispositivos de seguridade. Debe aparecer na lista algo parecido á seguinte imaxe.




8. Agora hai que instalar o certificado raíz da Dirección Xeral da Policía, que é a autoridade certificadora que garante a nosa identidade. Para iso hai que [descargalo](#) e descomprimilo. Obtense un arquivo con extensión crt. Para instalalo hai que entrar nas opcións de Firefox, en avanzado/cifrado/ver certificados/importar. Seleccionar o arquivo crt, darlle a abrir e seleccionar as tres casas de verificación que se ven na imaxe que segue.



Pódese ver que na lista agora aparece a Dirección Xeral da Policía:



9. Para comprobar que está todo ben, podemos entrar na [página de comprobación](#) que proporciona a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. A primeira vez posiblemente Firefox pida que se acepte a excepción para poder acceder. Se todo foi ben aparecerá un cadro de diálogo como o da seguinte imaxe, no que se selecciona que certificado se quere usar. Lembramos que o DNIE proporciona dous. Nesta ocasión usaremos o de autenticación, porque o que queremos é identificarnos. Fai a pregunta dúas veces, non é un erro, é unha verificación de seguridade.



Unha vez seleccionado o certificado e introducido o contrasinal do **DNIE**, aparecerá en pantalla un breve resumo cos datos do certificado, confirmando que todo funciona correctamente.

En principio xa debería funcionar, pero temos detectado problemas en certos equipos nos que unha vez seguido correctamente todo o protocolo de instalación, segue sen funcionar.

Para estes casos o que estamos a recomendar é sobrescribir o directorio /Library/OpenSC polo almacenado no seguinte arquivo:

<http://www.usc.es/gl/servizos/atic/sinatura/descargas/OpenSC.zip>

Unha vez descargado o arquivo .zip hai que descomprimilo, e copialo na directorio /Library

Para máis información:

http://www.dnielectronico.es/descargas/PKCS11_para_Sistemas_Unix/Manual_de_Instalacion_de_OpenSC_DNIE_version3_2.pdf

Versión 1.1 (xuño 2009)